

## A Concellaría de Cultura do Concello de Arteixo lémbrales que:

Unha vez comezada a función pode restrinxirse o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade.

Non se permite o consumo de alimentos e bebidas no interior da sala.

Os carros, paraugas, triciclos, etc. deberán permanecer fóra da sala.

As alarmas e os teléfonos móbiles deben desconectarse antes de entrar na sala.

Para realizar gravacións e tomar fotografías deberán obter permiso previo da Organización.

Cada espectáculo está pensado para unhas idades preferentes que recomentan as propias compañías polo que en espectáculos infantís ou para todos os públicos os menores de 12 anos sempre estarán acompañados por un adulto, que aboará a entrada correspondente, se é o caso, independentemente de se ocupa butaca ou non. Só se autorizará a entrada de bebés nos espectáculos especificamente programados para eles.

En espectáculos para adultos só se permitirá a entrada a menores se están acompañados por adultos, responsables dos seus comportamentos e dos posibles contidos inapropiados que poidan estar vendo, polo que a Concellaría de Cultura declina neles toda a responsabilidade sobre estes temas.

Esta programación poderá sufrir variacións se as circunstancias o aconsellan. Os espectáculos estarán suxeitos ao aboamento de entrada ou á recollida de invitación. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada ou sen invitación para poder computar o aforamento efectivo por razóns de seguridade. O aforamento é único e compútase por persoas e non por butacas ocupadas.

## VENDA DE ENTRADAS:

www.eventosarteixo.com ou o día da función en horario de 11:30-13:30 h e 2 h antes do seu comezo na Billeiteira do CCC de Arteixo, até completar a capacidade da sala. O nº máximo de entradas limitarase a 5 por persoa. O dereito á redución deberá acreditarse documentalmente (ordenanza fiscal nº 34).



### +Info:

SM de Cultura  
Centro Cívico Cultural de Arteixo  
Manuel Murguía  
Paseo fluvial, s/n  
15142, Arteixo

981 659 100 | cultura@arteixo.org  
www.arteixo.org



Organiza

**Arteixo / Cultura**

Colaboran



**Venres 7 de marzo | 19:00 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
**A pequena gran inventora**  
de **GRUPO TRÉMOLA**  
**Teatro**  
Público infantil (+5 anos)  
40 minutos | entrada: 3 e 2,25 €

A Laura encántalle inventar cousas. Por casualidade, crea unha piña que fala! Coa axuda da súa nova amiga vivirá aventuras increíbles cheas de: pompas, música, bailes... Aínda que Laura é pequena, é unha gran inventora; pero para que as súas creacións funcionen, precisamos da vosa axuda!

Autora, dirección e elenco artístico:  
Paula Regueiro



**Venres 14 de marzo | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
**Cantares Atlánticos** de **SOLEDAD VIDAL&AURELIO VIRIBAY**  
**Música/Lírica**  
Público familiar  
60 minutos | entrada: 4 e 3 €

O mar e a espera son os elementos que trenzan as tres historias deste espectáculo multidisciplinar: María Soliña, Lela e os desterrados, sobre as que se desprega a música e a poesía. É o retrato de tantas mulleres que máis alá da dor e a perda, seguen adiante e constrúen as súas vidas con valentía, o retrato dunha Galicia de despedidas cheas da incerteza e o anhelos incesante do regreso; en definitiva, o retrato dun pobo capaz de mirar a súa sombra, a súa Negra Sombra, para poder celebrar a vida. Todas elas son historias de renacemento.

Intérpretes: Soledad Vidal e Aurelio Viribay

## Exposicións



**Sala de exposicións do CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**

**Do 10 de decembro ao 10 de xaneiro**  
**A terra e o mar**  
de **Lola Martínez**  
**Pintura**

**Do 17 de xaneiro ao 15 de febreiro**  
**Nós tamén fomos emigrantes**  
de **ABANCA**  
**Fotografía**



**Do 20 de febreiro ao 14 de marzo**  
**R-Evolución**  
de **Pilar Cristobo**  
**Pintura, collage e crochet**

**Do 18 de marzo ao 2 de abril**  
**Exposición XVIII Premio Jesús Núñez**  
de **Deputación da Coruña**  
**Arte gráfica**



teatro | circo | monicreques | música | exposicións

xaneiro | febreiro | marzo  
2025

Arteixo / Cultura








**Venres 10 de xaneiro | 19:00 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*La Bruja Rechinadientes*  
 de **KATUA&GALEA (Salamanca)**  
**Monicreques**  
 Público infantil (+4 anos)  
 65 minutos | entrada: 4 e 3 €

Inspirada nos contos clásicos de bruxas e no folclore, esta produción achéganos a un mundo misterioso e cheo de perigos, no que tres valentes irmáns desatenden as advertencias da súa nai e adéntranse nun bosque escuro onde descubren unha casa na que vive unha bruxa.

Autor e dirección: David Galeano  
 Elenco artístico: Pilar Borrego, Víctor Cerezo e Alfonso Peña



**Venres 17 de xaneiro | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Territorios de liberdade* de  
**TANXARINA (Galicia e Portugal)**  
**Teatro/Contemporáneo**  
 Adultos (+16 anos)  
 50 minutos | entrada: 4 e 3 €

Coa idea de celebrar os 50 anos da Revolución dos Caraveis en Portugal, e partindo da palabra liberdade, a través dunha serie de preguntas formuladas á comunidade en accións participativas e/ou de escoita, explorárase o concepto de liberdade para diferentes persoas, en diferentes tempos e diferentes territorios.

\*Coprodución entre a Compañía Certa da Varazim Teatro, o Centro Dramático Galego e Tanxarina Títeres

Autor: José Paredes  
 Dirección: Quico Cadaval  
 Elenco artístico: Miguel Borines, Andrés Giráldez, Eduardo Faria, Joana Soares e Joana Luna coa asesoría escénica de Eduardo Cunha "Tatán"



**Venres 24 de xaneiro | 19:00 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Compañía*  
 de **XAMPATITO PATO**  
**Novo circo**  
 Público familiar (+5 anos)  
 50 minutos | entrada: 3 e 2,25 €

Un personaxe solitario en busca de compañía explora a súa imaxinación para dar vida a cada un dos seus pensamentos. A través deste proceso, consegue sentirse acompañado e leva ó público por un camiño cheo de sorpresas e risas.

Autor: Jesús Velasco Otero  
 Dirección: Xampatito Pato  
 Elenco artístico: Jesús Velasco Otero



**Venres 31 de xaneiro | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Mulleres que viven soas*  
 de **BERROBAMBÁN**  
**Teatro/Comedia**  
 Adultos  
 75 minutos | entrada: 4 e 3 €

Espectáculo híbrido entre o teatro documental, a standup comedy e o teatro isabelino interpretado por tres das contadoras de historias máis relevantes do país: Paula Carballeira, María da Pontraga e Vero Rilo. Tres mulleres excepcionais para dar voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.

\* Coprodución de Berrobambán e o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo.

Autora: Paula Carballeira a partir de textos de Xiana Arias, María da Pontraga e Vero Rilo  
 Dirección: Chiqui Pereira e Nuria Sanz  
 Elenco artístico: Paula Carballeira, María da Pontraga e Vero Rilo



**Venres 7 de febreiro | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Go home* de **ETIQUETA NEGRA**  
**PRODUCCIONES**  
**Teatro/Comedia**  
 Adultos  
 90 minutos | entrada: 4 e 3 €

*Go home* conta a historia de David, un fanático do turismo que xa fixo todo tipo de aventuras que as axencias de turismo lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer. A peripecia levarao a pasar a noite no Cebreiro, comezando unha aventura na que gozará de emocións intensas, tales como a dúbida, o medo e a sorpresa.

Autor: José Luis Prieto Roca  
 Dirección: Tito Asorey  
 Elenco artístico: Josito Porto e David Amor



**Venres 14 de febreiro | 19:00 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Nanai da China*  
 de **PÉREZ&FERNÁNDEZ**  
**Monicreques**  
 Público infantil (+5 anos)  
 45 minutos | entrada: 3 e 2,25 €

*Nanai da China* é unha nena que naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños rexéitana por pura superstición. Ela só sabe dicir que non, e axudar ao seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtsé en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente, Nanai e o seu avó elaboran un plan que... non sae todo o tempo tan ben como debería...

\* Premio María Casares mellor espectáculo de monicreques 2024

Autora: Victoria Pérez e Xabier Romero  
 Dirección: Victoria Pérez  
 Elenco artístico: Victoria Pérez e Manu Fernández



**Venres 21 de febreiro | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*Misuria, Blues tradicional*  
 de **MISURIA**  
**Música/Soul-Blues**  
 Público familiar  
 120 minutos | entrada: 3 e 2,25 €

Quinteto que fai das súas actuacións unha homenaxe á música tradicional norteamericana desde a súa raíz blusera. Estilos como o folk, country blues, gospel, swing, bluegrass e outras expresións, forman o groso do seu repertorio. Por iso o grupo presenta instrumentación tradicional, onde destacan as harmónicas, o kazoo, a táboa de lavar e o slide, nun intento de recrear os vellos sons que nunca deixarán de emocionar.

Intérpretes: Alba Furacán, Rafa Mississippi, Nano Combo, Luis Fuca e David Washboard



**Venres 28 de febreiro | 20:30 h**  
**Auditorio CCC de Arteixo**  
**Manuel Murguía**  
*La violación de Lucrecia*  
 de **TEATRO CLÁSICO DE SEVILLA**  
**Teatro/Clásico**  
 Público Adulto  
 70 minutos | entrada: 4 e 3 €

Baseada no poema *A violación de Lucrecia* de William Shakespeare de 1594, esta peza colócanos ante a violencia e a crueldade que conleva un acto tan terrible. Un monólogo que describe con claridade o que é o uso da forza, o dominio e a humillación sistémica da violación como arma machista contra a muller. Unha peza para almas incandescentes.

\* 3 PREMIOS ESCENARIOS DE SEVILLA: Mellor espectáculo, mellor actriz e mellor adaptación teatral

Autor: William Shakespeare  
 Adaptación e dirección: Alfonso Zurro  
 Elenco artístico: Lorena Ávila